


SE ESTÁS DISPOST@ A
MELLORAR OU APRENDER
UNHA TÉCNICA DE
ESTUDO, POLO MOTIVO
QUE SEXA, PODES FACELO
AGORA NO CENTRO DE
PSICOLOXÍA CLAVES.




CONTÁCTANOS

698 11 99 98

psicologiaclaves@gmail.com

<https://www.psicologiaclaves.com/>

Ed. Área Central. Rúa París, 7-1º andar L28M
15707 Santiago de Compostela, A Coruña



CLAVES
CENTRO DE PSICOLOXÍA

**TÉCNICAS
DE
ESTUDO**

A maioría da xente non ten un cerebro privilexiado que lle permita adquirir un montón de coñecementos sen apenas esforzo. É máis, o 99% das persoas necesitamos un esforzo importante para conseguir aprender e sobre todo para lembrar o aprendido, e que ese recordo perdure no tempo o máximo posible.

A adquisición de coñecementos é un proceso que non ten por que ser moi complicado, o que si require é traballo e esforzo (que realmente acaba compensando) e sobre todo querer conseguir unha meta: aprender e facelo dun xeito efectivo para que o aprendido non se esqueza enseguida e sirva como base para futuros coñecementos (algo básico para algunhas materias).

Unha vez adquirido un método efectivo de estudo nótase a diferenza con cando non se tiña ou non se practicaba, tanto en tempo empregado como no aproveitamento de ese tempo.

Este obradoiro de técnicas de estudo consta de diferentes partes nas que se abordan aspectos importantes para lograr un método suficientemente eficaz á hora de afrontar o reto que supón estudar e que o estudado non se esqueza aos poucos días do exame.



Miraremos aspectos relacionados co xeito de funcionar a nosa mente á hora de estudar e intentaremos melloralos (motivación para estudar, concentración, lectura). Tamén será importante o ambiente de estudo e a súa posible mellora, así como a memorización do aprendido e maneiras de melloralala.

Utilizaremos un método concreto pero flexible que cada persoa pode ir adaptando á súa propia personalidade e maneira de traballar, xa que o que pode funcionar para uns pode non ser tan válido para outros, polo que se pode necesitar facer algúns cambios ou simples variacións.

Se estás dispost@ a mellorar ou aprender unha técnica de estudo, polo motivo que sexa (porque por moito que traballas non consigues resultados, porque tal como estudabas en primaria xa non parece dar resultado, porque non tes claro como facelo, porque queres conseguir mellores notas, porque queres aproveitar mellor o teu tempo...), podes facelo agora no Centro de Psicoloxía Claves.